

EXPEDIENTE Nº: 9/2015: "ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"

OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO E ADXUDICACIÓN POR LOTES.

1.- OBXECTO DO CONTRATO: A contratación do **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**, conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a oferta presentada polo contratista.

A adxudicación realizarase polos seguintes lotes:

-Lote A. Almacen nº1.

-Lote B. Almacen nº2.

2.-ORZAMENTO MÁXIMO DA LICITACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO: Para o **Lote A** sinálase como orzamento máximo de licitación para a totalidade de duración do contrato (3 ANOS), **57.600,00 €**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a **12.096,00 €** e o orzamento máximo de licitación, co IVE, é de **69.696,00 €**.

Para o **Lote B** sinálase como orzamento máximo de licitación para a totalidade de duración do contrato (3 ANOS), **43.200,00 €**, sen incluír o IVE, o IVE ascende a **9.072,00 €** e o orzamento máximo de licitación, co IVE, é de **52.272,00 €**.

As ofertas dos licitadores, para cada Lote, referenciaranse, á baixa, ao importe do orzamento máximo de licitación mensual, co IVE, que ascende a:

Lote A: 1.936,00 €.

Lote B: 1.452,00 €.

No caso de que o licitador non o puntualizase, entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

O valor estimado do contrato (a totalidade dos dous **Lotes**) é de **100.800,00 €**, o IVE ascende a **21.168,00 €** e o valor estimado, co IVE, é de **121.968,00 €**.

A duración do contrato é de **DUN (1) ANO**, a contar dende a data de formalización do contrato, coa posibilidade da existencia de **DUAS (2)** prórrogas **DUN (1) ANO** cada unha, polo que a duración do contrato será, como máximo de **TRES (3) ANOS**.

3.-FINANCIACIÓN E ABOAMENTO DO PREZO: Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente no presuposto con cargo a aplicación -----
A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato no exercizo correspondente.

O contratista terá dereito ao aboamento do prezo do aluguer, rateado por meses e, no seu caso días, a mes vencido mediante a presentación da factura correspondente, co IVE incluído, debidamente informada polos servizos correspondentes e a conformidade a mesma do responsable do contrato segundo o disposto neste prego.

4.-REVISIÓN DE PREZOS: Non procede revisión de prezos ao longo da duración do contrato.

5.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).

6.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ORGANO DE CONTRATACIÓN: O contrato adxudicarase mediante concurso público.

O órgano de contratación é a Alcaldía, por aplicación do estipulado na Disposición Adicional 2ª 1 e 2 do TRLCSP, ao tratarse dun contrato que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin a contía de **6.000.000,00 €**, sendo a súa duración non superior a **CATRO (4) ANOS**.

7.- PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓNS E LUGAR ONDE PRESENTALAS: Faise constar que terá que presentarse unha proposición distinta por cada lote ao que se presente o licitador. No caso de incluír mais dunha proposta nun mesmo sobre, non se admitirá ningunha das propostas.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo (en

diante Concello), das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, **www.sanxenxo.es** (en diante perfil do contratante). O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, ampliarase ao día seguinte hábil que non fose sábado.

Poderanse presentar, dentro do prazo de citado no parágrafo anterior, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resguardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposta.

Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

8.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: A presentación da proposta presupón a aceptación incondicional pola parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante.

As propostas constarán de **TRES (3)** sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de **"DECLARACIÓN RESPONSABLE"**, incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo I** deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato co Concello e que, se recae ao seu favor á proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de

contratación a documentación que se cita na **cláusula 15ª** deste prego, no prazo que nesa cláusula se sinala. En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior a proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

No SOBRE "B" e baixo denominación **"OFERTA. CRITERIO DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR"**, realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no anexo II deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a selección do contratista que figura na **cláusula 9ª** deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

No SOBRE "C" e baixo denominación **"OFERTA. CRITERIO AVALIABLE AUTOMATICAMENTE"** realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no anexo III deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a selección do contratista que figuran na **cláusula 10ª** deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

9.- CRITERIO DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR: Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poida puntuarse:

-Edificación ofertada. Ata un máximo de **CINCOENTA (50) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores deberán presentar documentación descritiva da edificación ofertada.

10.-CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE: Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala:

-Prezo. Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación mensual, co IVE, que figura para cada **Lote** na cláusula 2ª deste prego (**Lote A: 1.936,00 € e Lote B: 1.452,00 €**). Valorarase ata un máximo de **CINCOENTA (50) PUNTOS**. Para a determinación da puntuación que, no seu caso, corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa a que correspondería a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). A continuación calcularase a porcentaxe de baixa de cada unha das ofertas presentadas. As ofertas que igualasen ou superasen a referida porcentaxe de baixa terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa a que corresponda a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC. As porcentaxes e as puntuacións calcularanse con dous decimais. As ofertas que non baixen do

prezo tipo puntuaran **CERO (0)** por este criterio. No caso de que o licitador non o puntualizara entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

11.-MESA DE CONTRATACIÓN: A presidirá o Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue e asistirán, en calidade de vocais, dous concelleiros/as nomeados polo Alcaldía, o Secretario da Corporación e o Interventor como vocais. Actuará como Secretario un funcionario/a designado pola Alcaldía. A composición da Mesa de Contratación (en diante Mesa) publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de **SETE (7) DÍAS NATURAIS** con respecto a súa data de constitución. A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación dos proposicións presentadas.

12.-CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DO SOBRE "A" E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO MESMO: Concluído o prazo de presentación de proposicións e coa documentación presentada conforme ao disposto neste prego, a Mesa constituirase, en sesión non pública, na sala da xuntas do Concello, ás **DEZ (10) HORAS** do **PRIMEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da última proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no sentido indicado na **cláusula 7ª** deste prego. No caso de que este día coincidise en sábado ou nun día inhábil, a sesión constitutiva da Mesa celebraríase o seguinte día hábil na mesma hora e lugar. No suposto de que o día de celebración da sesión constitutiva coincidise en venres a reunión sería ás **NOVE (9) HORAS**. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguirán, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado. Nesta primeira reunión a Mesa, logo de constituírse, procederá á apertura do **SOBRE "A"** e á cualificación da documentación aportada polos licitadores no mesmo.

Se a Mesa observase defectos ou omisións subsandables na documentación presentada no **SOBRE "A"** comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica e procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS**, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixan ou emenden os defectos ou omisións. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado

13.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO SOBRE "A", POSTA EN COÑECEMENTO DA CUALIFICACIÓN E APERTURA DO SOBRE "B": A sesión onde realizaranse os actos sinalados no enunciado desta cláusula terá carácter público, agás no que respecta á

cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e celebrarase na sala da xuntas do **Concello**, ás **DEZ (10) HORAS** do **TERCEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data da apertura do **SOBRE "A"**, agás o suposto de coincidencia coa finalización do prazo citado no derradeiro parágrafo da cláusula anterior, caso no que a reunión sería o día hábil seguinte que non fose sábado a mesma hora, publicándose o correspondente anuncio no perfil do contratante en data anterior a da celebración da sesión. No caso de que este día coincidise en sábado ou nun día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil que non fose sábado na mesma hora e lugar. No suposto de que a data da celebración desta sesión coincidise en venres a reunión será ás **NOVE (9) HORAS**. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

No suposto da existencia de defectos ou omisións subsandables a reunión da Mesa, comezará coa cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e o pronunciamento expreso sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento e, a continuación, a Mesa dará conta dos incidentes da citada cualificación. No caso de que non existisen defectos ou omisións subsandables a reunión da Mesa comezará directamente coa dación de contas da cualificación.

A reunión proseguirá coa apertura do **SOBRE "B"** e a lectura das proposicións formuladas neles.

14.- VALORACIÓN DO SOBRE "B", POSTA EN COÑECEMENTO DESTA VALORACIÓN, APERTURA E VALORACIÓN DO SOBRE "C" E PROPOSTA DE AXUDICACIÓN: Para a valoración do **SOBRE "B"** a Mesa solicitará un informe técnico realizado por persoal ao servizo do Concello ou de calquera dos seus organismos autónomos que teña cualificación profesional adecuada en razón da materia obxecto da contratación e que non forme parte da Mesa e no que figurará unha proposta de atribución de puntuación, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na **cláusula 9ª** deste prego e o límite mínimo **CERO (0)** puntos e a determinación de se na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na **cláusula 9ª** deste prego.

Unha vez emitido o informe técnico a Mesa, nunha reunión que, no que respecta a este acto, non terá carácter público, valorará a documentación incluída no **SOBRE "B"**.

A sesión onde se realizarán todos os actos sinalados no enunciado desta cláusula, agás o referente a valoración do **SOBRE "B"**, que pode ou non efectuarse nesta mesma reunión da Mesa, celebrarase na sala da xuntas do

Concello, na data e hora que se publicará no perfil do contratante, cunha antelación mínima á súa celebración de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES**.

A sesión da Mesa, agás que na mesma tamén se proceda a valoración do **SOBRE "B"**, suposto no cal o primeiro acto, con carácter non público, será a realización desta valoración, comezará ou, no suposto anterior, continuará, con carácter público, coa posta en coñecemento da valoración da documentación incluída no **SOBRE "B"** e proseguirá coa apertura do **SOBRE "C"** e a lectura das proposicións formuladas neles.

Unha vez realizada a apertura do **SOBRE "C"** a reunión proseguirá, con carácter non público, para que a Mesa proceda, mediante a aplicación automática do criterio descrito na **cláusula 10ª** deste prego, á valoración da documentación incluída no **SOBRE "C"** e a determinación da puntuación total mediante a suma das valoracións outorgadas aos dous **SOBRES**, clasificando todas as propostas na orde decrecente de maior a menor puntuación.

A Presidencia da Mesa, unha vez realizada a apertura do **SOBRE "C"**, invitará aos asistentes que non sexan membros dela, a ausentarse da sesión, comunicándoos que no prazo que determine a propia Presidencia, segundo o número de ofertas presentadas, os criterios a empregar e a complexidade da súa aplicación, que se indicará tamén nese momento e que non poderá exceder de **DUAS (2) HORAS** e, logo de que a Mesa realice as operacións descritas no parágrafo anterior, a sesión volverá ter carácter público.

No suposto de que non houbese asistentes que non formen parte da Mesa, na posta en coñecemento da puntuación outorgada a documentación incluída no **SOBRE "B"** e na apertura do **SOBRE "C"**, a reunión continuará, con carácter non público, ata que a Mesa realice as operacións descritas no segundo parágrafo desta cláusula e, unha vez efectuadas, sen necesidade de respectar ningún prazo, reanudarase a sesión con carácter público e procederase conforme ao sinalado nos parágrafos seguintes desta cláusula.

Reanudada a sesión con carácter público, unha vez transcorrido o prazo anunciado pola Presidencia, polo Secretario da Mesa darase lectura á valoración total das ofertas, informando que se formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta con maior puntuación total. En caso de existir empate nas ofertas, decidirse a oferta sobre a que se formulará proposta de adxudicación mediante sorteo que se celebrará ante a Mesa nese mesmo acto e con carácter público.

A continuación polo Secretario da Mesa invitarase aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES** seguintes á celebración desta sesión e que se dirixirán ao órgano de contratación.

Finalmente a Mesa finalizará, con carácter non público, coa proposta de adxudicación do contrato ao licitador que presente a proposta con maior puntuación total.

15.-REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN: O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador proposto pola Mesa sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación mais elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada:

Os documentos a presentar, entre os que non figura garantía algunha dado que non está obrigado o contratista a presentala dadas as características deste contrato privado no que é a propia administración a que ocupa un ben inmovible de propiedade do contratista, sen que tampouco aquela presente garantía algunha polo posible deterioro do inmovible ao longo da duración do contrato, son os seguintes que deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais:

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: Número do Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante.

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo IV** deste prego, de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma

persoa xurídica e aos seus administradores.

4.-Documentación pública acreditativa da propiedade do inmovible e de estar inscrito no rexistro da propiedade a nome do licitador.

5.-Rexistro de licitadores:A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2 e 3. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo V** deste prego, do licitador na que se manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

6.-Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE–, Estado, e Concello) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentáse a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

7.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

8.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b) Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 7º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), **será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.**

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte coa puntuación máis elevada, sempre que esta última oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal.

16.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DIAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego. No caso de que, no prazo citado no penúltimo parágrafo da **cláusula 14ª**, deste prego se formulasen por escrito observacións ou reservas contra o acto no que

se informou aos licitadores da oferta a favor da que se formularía proposta de adxudicación, resolveranse expresamente as reclamacións formuladas, previo informe da Mesa, na resolución pola que se adxudique o contrato.

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante, indicarse o prazo no que debe procederse a formalización do contrato. Faise constar que o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no art. 59.4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro é de **CINCO (5) DIAS**.

17.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

18.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. A Administración non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incurrir. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

19.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA: Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- b) Os gastos dos anuncios da licitación no DOG e no BOP e, se procédese, os gastos do anuncio da formalización do contrato no BOP, ata un máximo de **CINCOCENTOS (500,00) €**, cada un dos contratistas dos lotes.

20.-RESPONSABLE DO CONTRATO: Será o/a Concelleiro/a que ostente, a súa vez, a Concellería/Delegada de Facenda ou similar que asuma as competencias nesa materia.

21.-REXIME XURÍDICO E ORDE XURISDICCIONAL COMPETENTE: O contrato de arrendamiento de inmobles, de conformidade co establecido no art 4, 1 p) do TRLCSP, é un negocio xurídico, excluído do ámbito do TRLCSP, que ten o carácter de contrato privado e se rixe pola lexislación patrimonial, se ben aplicaranse os principios do TRLCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Os efectos e a extinción do contrato de arrendamento encóntranse suxeitos ao regulado na Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos e, supletoriamente, no Código Civil.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a preparación, competencia e adxudicación deste contrato serán resueltas polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo. As cuestións litixiosas que puidesen xurdir en relación á modificación, efectos e extinción do contrato estarán sometidas á orde xurisdiccional civil, nestos casos será requisito necesario a presentación da correspondiente reclamación administrativa previa á vía civil.

Sanxenxo, 15 de decembro de 2.015.



O Alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓNES ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CO CONCELLO DE SANXENXO.(incluír no SOBRE "A")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa
proposta para participar no procedemento de contratación do
**"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN
PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**,
correspondente ao **LOTE _**, **DECLARO** o seguinte:

-Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato co Concello de Sanxenxo e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 15ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 15ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requerido para iso polo órgano de contratación.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO II

MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "B" (CRITERIO DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR)

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación do **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**, correspondente ao **LOTE _**, comprométese a prestalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a presente oferta que axústase ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

-Edificación ofertada. Adxunto a este escrito documentación descriptiva da edificación ofertada.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO III

MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "C" (CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE)

D _____, DNI nº _____ e enderezo en _____, en nome propio ou en representación da persoa xurídica _____, CIF nº _____, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación do **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**, correspondente ao **LOTE _**, comprométese a prestalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a presente oferta que axústase ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

-Prezo: Ofrezo o **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**, correspondente ao **LOTE _** polo seguinte prezo que expresa o orzamento máximo de licitación mensual, co IVE, que figura para cada **Lote** na cláusula 2ª deste prego (**Lote A: 1.936,00 € ; Lote B: 1.452 €**).

LOTE _

Sen IVE _____ (en número e letra) €

IVE _____ (en número e letra) €

Total co IVE _____ (en número e letra) €

O que supón a seguinte baixa total respecto do orzamento de licitación por ano, incluído o IVE de _____ (en número e letra) €.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR.(A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato de **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**, correspondente ao **LOTE_**, **DECLARO** o seguinte:

-Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato de **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**, correspondente ao **LOTE_**, **DECLARO** o seguinte:

-Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se acompaña non experimentaron variación dende a data da súa expedición

(Lugar, data e sinatura do propoñente)